

A AGPTI NO CULTURAL 2012

(29 nov. - 2 dec.)



Durante os tres días intensos nos que tivo lugar o Culturalgal, a AGPTI estivo presente para dar a coñecer a figura do/a profesional da tradución e interpretación e promover a nosa asociación.

A feira, ategada de actividades de todo tipo e para todos os públicos, foi un éxito de asistencia. Ao noso stand achegouse moita xente e participou nas diferentes actividades que tiñamos organizadas.

Algunhas persoas mesmo compartiron connosco a súa visión da tradución e da interpretación e reflexionaron sobre as dificultades do noso traballo e a necesidade de contratar profesionais.

No tocante ás actividades, premiamos con caramelos o esforzo de quen deu descifrado algúns dos pratos do noso menú de restaurante, traducido cun tradutor automático, e tamén a valentía de quen se atreveu a probar a facer de intérprete.

O noso concurso «Lost in Translation» volveu ter este ano unha grande acollida. Foron moitas as persoas que se animaron a participar e propoñer unha tradución para as tres viñetas.



Nas propostas non faltou talento e imaxinación, e entre as mellores traducións sorteáronse camisetas ou cuncas. As fotos das persoas gañadoras que se achegaron polo stand a recoller o seu premio pódense visitar no [facebook da AGPTI](#).

Velaquí algunha das traducións máis logradas ou creativas que resultaron premiadas no concurso:

Viñeta 1



—¡Ey, malaje, disen por ahí que Ejjpaña tiene la «tasa» de paro máj grande der mundo!

—¿Y la de tinto, no hay dato¿j o qué?

—¡Escucha, pisha! Dicen que en España la tasa de paro vino a sobrepasar cifras nunca vistas.

—Pues mi «tasa» er vino nunca la sobrepasa.

—Oye chato, ¡que de paro en España sabemos un rato!

—Y de tinto tempranillo podemos dar un cursillo.

Viñeta 2

Coidado. Vas caer!

Bota contas que escorregas!

Perigo. Chan esvaradizo.



Viñeta 3

Peche a billa cando remate de ducharse. Grazas.

Pecha a billa ao acabares. Graciñas.

Cando laves as orelas, sae da ducha e pecha as billas!

Especialmente produtivos e amenos resultaron os Cafés faladoiro, grazas ás persoas convidadas, que accederon a compartir xenerosamente connosco o seu tempo e a súa experiencia, e a todas aquelas que quixeron unirse a nós.



Ao calor dun cafeliño e unhas pastas, escoitamos, aprendemos, preguntamos e debatemos sobre tradución de software libre e videoxogos e sobre tradución audiovisual. E desas charlas distendidas xurdiron ideas e propostas nas que sería interesante afondar.

En definitiva, como xa anunciabamos ao principio, a participación da AGPTI no Culturgal foi todo un éxito. Traballamos a prol da difusión e dignificación da tradución e interpretación profesional, establecemos contacto con xente das industrias culturais e propuxéronnos algunhas colaboracións a nivel de asociación e a nivel profesional (que en caso de materializarse pasaremos aos membros a través da nosa rolda). Ademais serviu como punto de reunión entre moitas das nosas socias e socios, supuxo a oportunidade de unírense novos membros á nosa asociación e revelouse como foro de ideas para poñer en marcha no futuro.



E todo isto foi posible grazas á excelente organización do Culturgal, á cooperación inestimable de varios socios e socias e á participación de todas as persoas que se achegaron onda nós e se divertiron coas nosas actividades. Moitas grazas a todas e a todos!

Área de actividades para o Culturgal
Ruth Layús e José-Luis Morais